

SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

No Concello de Láncara, sendo as vinte horas trinta minutos do día vinte de decembro de dous mil dez, reúnen no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para tratar os asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres. Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Álvarez Rodríguez, D. Andrés Manuel Caballero López, D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. Carlos Fernández Díaz, D. Arturo Sobrado Castr, D. José Manuel García Aldegunde, D. Dario A. Piñeiro López e D. Carlos Santiago López Sierra.

Non xustifica a súa ausencia D. Celestino Rodríguez González.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario en Funcións D.Gerardo Sobrado Ventosinos.

Aberto o acto pola Presidencia, dáse conta dos seguintes asuntos:

1º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZ.

2º.-DECRETOS Nº196 O 248.

3º.-DECRETO DA ALCALDÍA Nº 226, SOBRE NOMEAMENTO DE D. ANDRES MANUEL CABALLERO LOPEZ, COMO REPRESENTANTE DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO “RAMON PIÑEIRO “.

4º.-EXPEDIENTE Nº 1/2010 DE MODIFICACIÓN DE CREDITOS DO PRESUPOSTO MUNICIPAL, POR IMPORTE DE 136.291,22 €.

5º.-PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, INFORME DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO.

6º.-RECOÑECIMIENTO EXTRA XUDICIAL DE OBRIGAS, EXERCICIO 2009, A PAGAR CON CARGO Ó ORZAMENTO DO ANO 2010.

7°.-ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 17-11-2010, SOBRE PUNTOS DE ACOPIO PARA RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS NOS CENTROS : TRASLISTE, OLEIROS E CHA DE SANTA MARTA.

8°.-ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 26-11-2010, SOBRE INFORME CONSELLEIRO DE CULTURA E DEPORTES, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

9°.-XUIZ DE PAZ TITULAR E SUSTITUTO DO CONCELLO DE LANCARA.

10°.-FEIRA DE ANO: APROBACIÓN GASTO.

11°.-DAR COBNTA DO DECRETO/2010 POLO QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS.

12°.-ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de comenazar o Pleno, gardase un minuto de silencio en memoria de Armando López Díaz, natural de Bande.

1°.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZ.

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día vinte e seis de outubro de dous mil dez, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

2°.-DECRETOS Nº196 O 248.

Dase conta dos decretos da Alcaldía do Nº 196 ó 248

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López pon de manifesto que os decretos estan ben, pero que quere facer dous comentarios. Nun decreto no que o Alcalde delega no Concelleiro Andres Caballero para ir a Barcelona a inauguración dunha Biblioteca, estando dacordo en que algun representante municipal debería ir esa inauguración, pero non o Sr. Andres Caballero, dado que cando D. Basilio Losada veu dar unha charla ó Colexio de Pobra , este Concelleiro saíu criticando a este persoeiro e que campouco lle parece correcto que se lle faga un cheque de mil euros ó Concelleiro de Cultura para asistir a inauguración da Biblioteca Basilio Losada en Barcelona , que esto nunca pasou , inda que ve ben que se lle pagen os gastos pero non ten porque levar un cheque de mil euros no bolsillo para ir a Barelona.

Respostandolle o Sr. Alcalde que el delega en quen queira, porque a Asociación invitou exclusivamente ó Sr. Alcalde, e ó non poder ir deleguei en Andres Caballero, porque é o Concelleiro de Cultura e eso é o máis lóxico.

Por parte do Concelleiro Andres Caballero, fai constar que en canto a reunión do Colexio que el asistira a mesma e que nunca fixo ningun comentario en contra de Basilo Losada. E en canto o talón que foi un gasto a xustificar e o día seguinte da viaxe devolvin e ingresei na conta do Concello a cantidade que non gastei, e que estes gastos non superaron os 500,00 €.

Por parte do Concelleiro D. Carlos S. López Sierra pon de manifesto que non lle parecen excesivos os gastos que incluso os gastos do tren non os pasou.

O Pleno por unanimidade dase por enterado do contido de ditos Decretos.

3º.-DECRETO DA ALCALDÍA N° 226, SOBRE NOMEAMENTO DE D. ANDRES MANUEL CABALLERO LOPEZ, COMO REPRESENTANTE DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO “RAMON PIÑEIRO “.

Dada conta do decreto N° 226, que di:

“DECRETO DA ALCALDÍA N° 226

DON ELADIO CAPON LOPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE LANCARA, PROVINCIA DE LUGO.

Visto o escrito de Dona Rita Castedo Meilán de data catro de novembro de 2010, no que solicita que sexa nomeado un representante d Coincello para o Consello Escolar do centro, antes do 18 de novembro.

Visto que polo Pleno do Concello en Sesión celebrada o día 5 de novembro de 2009, se nomeou como representante ao Concelleiro D. Andrés Manuel Caballero López.

En uso das facultadss que me confre a lexislación vixente,

RESOLVO

1º.- Que o concelleiro D. Andrés Manuel Caballero López, siga como representante do Concello no Consello Escolar do Centro “Ramón Piñeiro” de Pobra de San Xiao.

2º.- Comunicar este nomeamento a Directora do Centro “Ramón Piñeiro”

3º.- Dar contad este Decreto ao Pleno na próxima Sesión Ordinaria que esta celebre.

Láncara a 17 de Noviembre de 2010”.

O Pleno dase por enterado de dito Decretos, ratificando o mesmo.

4º.-EXPEDIENTE N° 1/2010 DE MODIFICACIÓN DE CREDITOS DO PRESUPOSTO MUNICIPAL , POR IMPORTE DE 136.291,22 €.

Visto o suplemento de crédito N° 1/ 2010, por importe de 136.291,22 €, para atender as necesidades na aportación municipal para o pago a empresas privadas por servizos contratados prestados: “Sogama, Limpergal-gestión punto limpio” (Programa:1, Económica:47); por la diferencia de IVA no pago obra iluminación puntos de luz en Puebla (Programa 1, económica:61); para o pago de facturas por compra de materiais, suministros e outros (Programa 2, Económica 22); por quilometraxe e dietas a traballadoras asistencia a domicilio (Programa 2, Económica

23); para aportación Concello subvención en instalacións deportivas (Programa 3, Económica 63); para factura de mantemento e materiais camiños (Programa 4, Económica:22); para a diferenza de IVE na obra do Plan Provincial de Agrolazas (Programa 4, Económica 60) e para a aportación do Concello para a obra de Servizos e Saneamento da rúa Orense e a diferenza de IVE nas obras do FEIL “Internet Rural, Pasarela Fluvial e Puntos de Acopio de Plásticos” (Programa 4, Económica 61).

Visto o informe favorable da Comisión de Contas.

Visto que é necesario suplementa-las partidas que figuran no suplemento, para facer fronte ós pagos con cargo ó orzamento do presente exercicio.

Por parte do Concelleiro D. Carlos S. López Sierra, pon de manifesto que non entende porque antes o Concello para a obra “Saneamento da rúa Orense “ non tiña que poñer nada e agora si.

Polo Sr. Alcaldeponse de manifesto que esta obra quedara adxudicada pola Xunta, no Goberno Bipartito, a Construcciones Barja, e habería que preguntarlle a Xunta porque rescindiu o contrato desta obra. Non obstante houbo a oportunidade este ano de que a Xunta subvencionara esta obra con 180.000,00 € cunha aportación do Concello de 65.000,00 € e baixo o meu punto de vista esta subvención non se pode perder.

O Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López manifesta que o Concello esta perdendo 65.000,00 €, e que habería que pedrille responsabilidades a Xunta de Galicia, por non executar o proxecto que xa tiña adxudicado.

Resposta o Sr. Alcalde que a obra ou se fai ou se deixa, enton antes facela que deixala.

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López manifesta que no tema do suplemento de crédito está totalmente en desacordo, xa que os informes de Secretaría non lle aclaran nada, dado que na obra do saneamento faise o suplemento con data posterior a adxudicación da obra.

Por parte do Sr. Alcalde dase por rematado o debate e solicítase se someta a votación

Sometido o asunto a votación o Pleno por maioría absoluta, votando a favor 6: os 4 Concelleiros do P. P. e 2 do TEGA, en contra 4: os 3 Concelleiros do P.S.G-PSOE e 1 do BNG,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación o suplemento de crédito Nº 1/ 2010, por importe de 136.291,22 €, para atender necesidades na aportación municipal para o pago a empresas privadas por servizos contratados prestados: “Sogama,Limpergal-gestión punto limpio” (Programa:1, Económica:47); por la diferencia de IVA no pago obra iluminación puntos de luz en Puebla (Programa 1, económica:61); para o pago de facturas por compra de materiais, suministros e outros (Programa 2, Económica 22); por quilometraxe e dietas a traballadoras asistencia a domicilio (Programa 2, Económica 23); para aportación Concello subvención en instalacións deportivas (Programaa3, Económica 63); para factura de mantemento e materiais camiños (Programa 4, Económica:22); para a diferenza de IVE na obra do Plan Provincial de Agrolazas (Programa 4, Económica 60) e para a aportación do Concello para a obra de Servizos e Saneamento da rúa Orense e a diferenza de IVE nas obras do FEIL “Internet Rural, Pasarela Fluvial e Puntos de Acopio de Plásticos” (Programa 4, Económica 61)

2º.-Publicar no B.O.P. por prazo de 15 días.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

5º.-PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, INFORME DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO.

Lido polo Secretario o escrito do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino.

Por parte do Concelleiro D. Dario Antonio Piñeiro López maniféstase que hai unha incompetencia total, ou ben por parte da Alcaldía, ou por parte dos Funcionarios do Concello, xa que non lle parece lóxico que unha petición feita pola Confederación dende data 25-05-2010, na que se solicita se aporte documentación, a día de hoxe non se fixera por parte deste Concello, o que conleva un prexuízo moi grande tanto para o Concello como para os propios veciños, polo que en datas próximas ten pesado solicitar un Pleno Extraordinario.

Polo Sr. Secretario informase que el mesmo levoulle ó despacho do redactor do Plan Xeral D. Antonio de Vega toda a documentación que solicitaba a Confederación, agás a autorización, si é que no seu día se fixo, do abastecemento de augas a Pobra de San Xioa, que foi iniciado no ano 1968, mirando tódolos expedientes que obran no arquivo municipal, non podendo atoparse dito documento, polo que existe a dúbida de que se nese ano se tramitou. Non obstante este extremo fixoselle saber o redactor do proxecto.

Polo Sr. Alcalde ponse de manifesto que dende que se presentou a moción de censura ata a data fixéronse moitos máis avances no plan xeral que durante toda a época que votou de Alcalde Dario Piñeiro López, e que da por concluído este debate, xa que este é un tema no que non hai que tomar acordo algún, que é simplemente un asunto informativo.

O Pleno dase por enterado do contido de dito escrito.

6º.-RECOÑECEMENTO EXTRA XUDICIAL DE OBRIGAS, EXERCICIO 2009 , A PAGAR CON CARGO Ó ORZAMENTO DO ANO 2010.

Vistas as seguintes facturas:

Sarriana de Extintores, S.L., CIF:27200708, fac. nº A/3209.....	365,40
La Voz de Galicia, CIF:A-15000649, fac. nº Po9/20992	336,40
La Voz de Galicia, CIF:A-15000649, fac. nº Po6/32337	348,00
Andres Caballero López,nif:76576946-X.....	45,00
Andres Caballero López,nif:76576946-X.....	45,00
Andres Caballero López,nif:76576946-X.....	45,00
Andres Caballero López,nif:76576946-X.....	45,00
Andres Caballero López,nif:76576946-X.....	45,00
Andres Caballero López,nif:76576946-X.....	45,00

Kilometraxe a Lugo, por cinco sesións, cun percorrido de corenta kilómetros ida e volta, son douscentos kilómetros a cero vintecinco euros o kilómetros suman a cantidade de cincuenta euros.

Por parte do Concelleiro Dario A. Piñeiro López manifesta que as facturas de Extintores e a da Voz de Galicia vota a favor, e en canto as dietas de Andres vai votar en contra, xa que cando viu a documentación do Pleno as dietas estan sen rexistrar e que tanto el como os Concelleiros que estan equi, nunca cobraron por facer viaxes a Lugo, e en relación a dieta por ir a Leites Rio, ten as súas dúbidas de que sexa legal, xa que esta dentro do Término Municipal de Láncara.

Respotalle o Concelleiro Andres Cabellero , que algun dos seus Concelleiros cobraran dietas por ir a Lugo, e que as súas dietas estan totalmente xustificadas, que incluso a dieta por ir a Leite Río, conseguiu unhas equipacións para as Escolas Deportivas Municipais, sen que tiveran custo algún para o Concello.

Debatido suficientemente o asunto, sometese a votación:

O Pleno por maioría, o votar a favor os Concelleiros: Eladio Capón López, Ricardo Núñez Valcárcel, José M. Alvarez Rodríguez e José M. Neira Castro; en contra: Dario A. Piñeiro López, Arturo Sobrado Castro e José Manuel García Aldegunde e coa abstención de Carlos Fernández Díaz, Carlos S. López Sierra e o propio Concelleiro Andres Caballero López que di que se debe abster por ser un asunto que lle afecta directamente

ACORDOU:

Recoñecer estos gastos con cargo o actual orzamento e que se faga o correspondente pago:

Sarriana de Extintores, S.L., CIF:27200708, fac. nº A/3209.....	365,40
La Voz de Galicia, CIF:A-15000649, fac. nº Po9/20992	336,40
La Voz de Galicia, CIF:A-15000649, fac. nº Po6/32337	348,00
Andres Caballero López,nif:76576946-X.....	45,00
Andres Caballero López,nif:76576946-X.....	45,00
Andres Caballero López,nif:76576946-X.....	45,00
Andres Caballero López,nif:76576946-X.....	45,00
Andres Caballero López,nif:76576946-X.....	45,00
Andres Caballero López,nif:76576946-X.....	45,00

Kilometraxe a Lugo, por cinco sesións, cun percorrido de corenta kilómetros ida e volta, son douscentos kilómetros a cero vintecinco euros o kilómetros suman a cantidade de cincuenta euros, a razón de dez euros por viaxe con vehículo propio.

7º.-ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 17-11-2010, SOBRE PUNTOS DE ACOPIO PARA RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS NOS CENTROS : TRASLISTE, OLEIROS E CHA DE SANTA MARTA.

Lido integramente o acordo da Xunta de Goberno Local, polo Sr. Secretario.

Visto que en dito acordo e no seu punto 8º se acordou tratar no Pleno o establecemento das sancións por infraccións, tanto do material que se deposita como por non ser veciño.

Visto tamen que no punto 7º se acordou facer as xestións oportunas ó obxeto de poñer en tódolos puntos de acopio cámaras con paneis solares.

O Pleno por unanimidade

ACORDOU:

1º.-Que se impoñan sancións a tódolos veciños que incumpran o punto 8º deste acordo impoñendo as sancións correspondentes, das que se debe facer un estudo previo e deben ser acordadas as cuantías nun próximo Pleno.

2º.-No referente os paneis solares deberíase facer un estudo da súa viabilidade para que supoñan un custo mínimo as arcas municipais.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

8º.-ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 26-11-2010, SOBRE INFORME CONSELLEIRO DE CULTURA E DEPORTES, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Lido o informe integramente polo Sr. Secretario.

Toma a palabra o Concelleiro Carlos López Sierra que manifesta que lle parecen moi ben tódalas actividades extraescolares que se estan levando a cabo pero que vota en falta que non se este dando clases de lingua galega, polo que solicitaríalle ó Sr. Concelleiro de Cultura que teña en conta esta asignatura para incluíla dentro destas actividades extraescolares.

O Pleno deuse por enterado do contido de dito informe.

9º.-XUIZ DE PAZ TITULAR E SUSTITUTO DO CONCELLO DE LANCARA.

Visto o escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que pon de manifesto que estando próximo a rematar o período dos catro anos do nomeamento do xuíz de paz titular e sustituto, concedese un prazo de tres meses para nomear novamente xuíz titular e sustituto deste Concello.

Por parte do Secretario informase de que se mandou un bando os Alcaldes-Pedaneos do Concello e se fixo a publicación no B.O. da Provincia, para todos aqueles que pudieran estar interesados en presentarse a xuíz de paz titular ou sustituto, que unha vez que se presenten os candidados, levarase novamente ó Pleno para nomear o xuíz titular e sustituto.

O Pleno dase por enterado do contido de dito escrito.

10º.-FEIRA DE ANO: APROBACIÓN GASTO.

Vista a factura de

Transformaciones Galicia S.L., CIF:B-27368133, fac. nº 9, aluguer xenerador gesan para festa da “Terneira Galega”.....354,00 €.

Visto que se fixo o gasto, o Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Prestar aprobación a factura de Transformaciones Galicia S.L., CIF:B-27368133, fac. nº 9, aluguer xenerador gesan para festa da “Terneira Galega”: 354,00 €.

11º.-DAR CONTA DO DECRETO/2010 POLO QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS.

Por parte do Secretario explicase amplamente o contido da proposta feita pola FEGAMP sobre liña de estudo para simplificar os procedementos de subvencións cobros etc.

Visto que tódolos Concelleiros teñen unha copia da proposta do borrador do decreto polo que se regula a concesión de subvencións ás Entidades Locais Galegas.

Visto que a dito borrador se lle poden facer propostas para poder melloralo.

O Pleno dase por enterado do contido de dito escrito, e en caso de que calquer grupo político deste Concello deséxe facer algunha propostas de mellora, a presente no rexistro de entradas deste Concello para o seu estudo e posterior remisión a Comisión de Seguimento do Pacto Local.

12º.-ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

Por parte do Concelleiro Carlos Fernández Díaz, en relación a obra de Gallegos “Accesos á Igrexia de Gallegos” pedirlle disculpas o Concelleiro do PSG-PSOE Dario A. Piñeiro López porque no outro Pleno dixenlle que non valía a medida dil, fun medir e había un erro que xa está correxido e devolto o diñeiro. Pedindo igualmente disculpas o Sr. Alcalde no mesmo sentido que o fixo o Concelleiro.

Respostandolle o Concelleiro Dario A. Piñeiro López, que acepta as disculpas do Concelleiro Carlos Fernández Díaz pero non as do Sr. Alcalde porque nunha obra de 6.000,00 € que axa un erro de catro mil, non é lóxico e deberíase levar un control máis estricto.

Por parte do Concelleiro **Dario A. Piñeiro López** fai un rogo no sentido de que nos Plenos tómanse acordos e que logo non se executan. Aprobouse unha comisión de obras, para obras superiores a 200.000,00 €, e o Sr. Alcalde o outro día adxudicou unha obra sen chamar a comisión. Acordouse sacar os carteis que hai preto da estrada comarcal C-546, uns estan sacados e outros sen sacar. E que hai outros acordos que non se executaron e que lle dará unha lista ó Sr. Alcalde e ó Secretario para que lle den unha certificación deles, xa que ten dereito a solicitala.

No referente a comisión de obras, por parte do Sr. Alcalde contestaselle que el inda esta esperando a que cando estaba Dario Piñeiro de Alcalde o convoque para as obras do Cementerio e para a primeira fase da Rúa Ourense.

No referente a retirada dos carteis informalle o Concelleiro Andres Caballero que se retiraron todos e que tan só puxose un en substitución doutro pero que cumpre coas medidas estandar, e que polo tanto está ben posto ese cartel.

Por parte do Concelleiro **Carlos López Sierra** rogo que fagamos un esforzo por ter un pouco máis de respecto uns os outros, xa que a veces as formas quitanche a razón.

PREGUNTAS:

Por parte do Concelleiro **Carlos López Sierra** pregunta:

-¿Qué pasa coa instalación de Internet, eso tiña unha subvención e non entendo porque hai que pagar o enganche?.

Por parte do Concelleiro Andres Caballero explicalle que o enganche son 350,00 €,250,00 € con cargo o plan “E” e 100,00 € o usuario.

-¿Qué pasa cos pinos de Muro que sairon o outro día na prensa, si se esta facendo algunha intervención sobre eso no Concello?.

Por parte do Sr. Secretario informase que se trata dun asunto privado no que o Concello nada ten que ver.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde, sendo as vinte e unha horas dez minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.

